

PREGUNTA DE AER RELATIVA A PRAZA DE INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL DE REDONDELA. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RPLN-16).

PLENO 27 SETEMBRO 2018. ACTA 11/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

“Dende o Concello de Redondela sacouse a concurso a praza pública para Inspector da Policía Local de Redondela. O Alcalde máis o Concelleiro de Interior decidiron que dita praza fora por mobilidade horizontal, sen ter en conta a opinión de sindicatos, oposición e incluso eles mesmos, xa que as demais prazas públicas sacadas naquel mesmo intre eran por promoción interna. Xa pasado un tempo máis que prudencial, a día de hoxe en Redondela non está o Inspector da Policía Local que sacou a praza, pero dita persoa “curiosamente” produce gastos ás arcas municipais.

En virtude do anteriormente exposto PREGUNTAMOS:

Que vantaxes tivo para o corpo da Policía Local, para o Concello de Redondela e para os veciños do concello a decisión, tomada exclusivamente polo equipo de Goberno, de ofertar dita praza por mobilidade horizontal?”

Resposta: sr González Barbeiro: o inspector de policía que é o segundo posto despois de inspector principal, decidiuse que a oposición fose por mobilidade, sindicatos non eran unánimes se promoción interna ou mobilidade pero decantámonos por esa porque existiría a posibilidade de un maior número de candidatos que se fose por promoción interna.